



Guía Docente						
Datos Identificativos				2020/21		
Asignatura (*)	Iniciación á investigación educativa		Código	652604E22		
Titulación						
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2		
Idioma	Castelán					
Modalidade docente	Híbrida					
Prerrequisitos						
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación					
Coordinación	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es			
Profesorado	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Neste curso pretendemos que o estudiante do máster se familiarice cos diferentes tipos de investigacións no ámbito educativo; que coñeza, comprenda e valore as características da metodoloxía científica e, ademáis, comprenda os procedementos para a realización de investigacións en educación.					
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: non se realizarán cambios 2. Metodoloxías docentes que se manteñen: sesión maxistral, traballos tutelados, proba mixta. *Metodoloxías docentes que se modifican: presentación oral - realizarase una presentación non presencial, facendo uso dos medios tecnolóxicos a disposición do alumnado. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: - TEAMS: atenderase a través desta plataforma (reunións virtuais, chat) só no horario de clase e titorías.. - Outlook: atenderanse correos electrónicos do alumnado para dúbidas e cuestións relacionadas cos contidos da materia 4. Modificacións na avaliación; non se realizarán cambios. *Observacións de avaliación: anúllase a obrigatoriedade da asistencia no caso de confinamiento. Non obstante, o alumnado deberá realizar e entregar o traballo tutelado na data prevista ao inicio das clases. Considérase "alumnado no asistente" aquel que non comprise co requisito de asistencia antes de iniciarse o confinamento, así como aquel que non entregue nas datas previstas as actividades. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non se realizarán cambios.					

Competencias / Resultados do título		
Código	Competencias / Resultados do título	

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Os estudiantes serán capaces de recoñecer a estrutura dos diferentes traballos de investigación	AP5 AP10	CP6 CP8
Os estudiantes serán capaces de identificar e comprender as diferentes fases e actividades que requiere a actividade investigadora	AP5 AP10 AP11	CP4 CP6
Os estudiantes serán capaces de realizar propostas e deseños metodolóxicos acordes coa temática concreta que queiran investigar	AP11 AP12 AP13	CP3 CP6 CP8
Os estudiantes serán competentes para deseñar e desenvolver un proxecto de investigación	AP11 AP12 AP13	CP1 CP3

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A investigación avaliativa: O problema de investigación	1.1. Plantexamiento do problema 1.2. As hipóteses de traballo e os obxectivos



Tema 2. Metodoloxías e técnicas da investigación educativa	2.1. A metodoloxía cuantitativa 2.2. A metodoloxía cualitativa 2.3. Técnicas de recollida de información
Tema 3. Deseños de proxectos de investigación educativa	3.1. Elaboración dun proxecto de investigación

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A10 C6 C8	5	0	5
Proba mixta	A5 A10 A11 C4 C6	1	10	11
Traballos tutelados	A11 A12 C3 C6	6	18	24
Presentación oral	A12 A13 C3 C1	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	<p>Exposición oral por parte do docente na que se traballarán os contidos que conforman o marco teórico, complementada co uso de presentacións e medios audiovisuais, así como da introducción de cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, co fin de que a aprendizaxe teña un carácter máis dinámico e permita a participación do alumnado.</p> <p>A estrutura das sesións maxistrais rexirase pola orde establecida nos contidos de aprendizaxe, introducindo teóricamente cada un dos temas e subtemas; ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para afondar no tema; e o traballo teórico complementarase en cada sesión coas actividaes que se levarán a cabo correspondentes ás fases do proceso de investigación.</p>
Proba mixta	Proba de avaliación de coñecemento que poderá integrar preguntas de ensaio (abertas ou de desenvolvemento) e preguntas de tipo obxectivo (selección múltiple, de resposta múltiple, discriminación, completar e/ou asociación).
Traballos tutelados	<p>Elaborarase un proxecto de investigación sobre unha temática suxerida polos/as estudiantes e que estea no marco da titulación que están a cursar. Cada una das partes do traballo a realizar será abordada teóricamente nas sesións expositivas previamente a fin de que o traballo sirva para reforzar os contidos teóricos, e os contidos teóricos sexan un apoio para a elaboración do traballo práctico por parte do/da estudiante.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado (en grupos de 4-6 persoas) e el docente interactúan dun modo ordenado onde, nun primeiro momento, o grupo expón dun xeito orixinal e innovador a súa proposta de investigación e, en segundo lugar, a docente poderá proponer cuestións, solicitar aclaracións de aspectos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
--------------	-------------



Traballos tutelados	<p>Para desenvolver a proposta de proxecto de investigación que se plantexa como actividade central na asignatura, os estudiantes contarán co apoio do docente. Para isto, se realizarán tutorías tanto presenciais como virtuais e poderán plantexarse as dúbihdas de forma individual ou grupal.</p> <p>Pero ademáis, durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbihdas que poidan xurdir durante o desenvolvemento do proxecto. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.</p>
---------------------	---

Avaliación				
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación	
Proba mixta	A5 A10 A11 C4 C6	<p>Proba escrita na que se valorará a adquisición dos coñecementos teórico e prácticos da asignatura por medio dunha proba que incorporará todos os contidos abordados na materia.</p> <p>Os tipos de preguntas poderán ser de verdadeiro/falso (V/F), resposta múltiple e/ou resposta curta.</p>	30	
Presentación oral	A12 A13 C3 C1	O proxecto investigador proposto será presentado de forma oral, e valorarase seguindo criterios relacionados coa calidade e a claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos esixidos e o emprego de recursos innovadores.	20	
Traballos tutelados	A11 A12 C3 C6	Ao longo das sesións iránse desenvolvendo de forma teórica e práctica os diferentes apartados dun proxecto investigador centrado nunha temática relacionada cos contidos do módulo. O alumnado deberá desenvolver eses contidos de forma escrita, xustificando cada decisión tomada. Poderase realizar de forma individual ou grupal e será entregado na data indicada polo docente o primeiro día de clase.	50	

Observacións avaliación



A asistencia a clase é obligatoria (80%). Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

(a) Alumnado asistente: o que cumpra co requisito de asistencia dun 80% (sesións teóricas e prácticas). Será avaliado seguindo os criterios propostos para a "Avaliación" da materia, sendo necesario que realice o traballo tutelado (50%), a presentación oral (20%) e a proba mixta (30%). Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgúnha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

(b) Alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial: atendendo á norma que regula o régimen de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudiantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 e 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa e a entregue ao docente. O alumnado que se adhira a esta modalidade terá que presentar a proposta de proxecto investigador que será valorada cun 50% da calificación final da materia (o prazo máximo de entrega será o mesmo que para os seus compañeiros/as asistentes) e terá que realizar o exame da proba mixta, cuxa calificación será o 50% da nota final. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgúnha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

(c) Alumnado non asistente: aquel que non cumple co requisito de asistencia mínimo do 80%. Será avaliado únicamente a través da proba mixta, se bien esta proba conterá dúas partes, unha delas (50%) referida a preguntas sobre os contidos prácticos da materia e a outra (50%) na que se avalien os contidos teóricos. Debe acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia. No caso de non acadar o 50% nalgúnha das partes, a calificación final será de 4 puntos.

Os traballos serán entregados fundamentalmente en formato dixital, e nos casos que a entrega sexa en papel este deberá ser reciclado, evitándose o uso de plásticos. Ademáis se esixirá a utilización dunha linguaxe non sexista e non discriminatorio.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Sevilla: Punto Rojo Libros, S.L.- McMillan, J.H. y Schumacher, S. (2010). Investigación educativa (5ª ed.). Madrid: Pearson- Bisquerra Alzina, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla- Carvajal Sánchez, J. (Coord.) (2012). Iniciación a la investigación. Colombia: INICIEN- Fernández C., Hernández, R. y Baptista P. (2006). Metodología en la investigación. México: McGraw Hill- Arana, F. (2014). Método experimental para principiantes. Madrid: Fondo de Cultura Económica
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners . Nueva Delhi: APH Publishing Corporation- Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: New Age International Publisher- Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press.

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías